

O proxecto de reformulación da Cidade da Cultura pódese considerar unha oportunidade para conectarse co que está a ocorrer en diversos lugares de Europa: cidades e rexións que, para evitar vivir á sombra das grandes cosmópolis, reinventaron novos modelos de programación e produción cultural. Exemplos como a *Trienal do Ruhr* en Alemaña, o *Festival de Teatro e danza de Avignon*, o *Temple Bar* distrito cultural de Dublín e algúns outros amosan que as capitalidades culturais non son soamente sinónimo de grande urbe. As grandes capitais culturais non se distinguen por carteleiras con grandes nomes que xa fixeron historia –que tamén– senón máis ben pola súa capacidade de estar ao día, de anticipar, promover e inventar modelos.

Os espazos culturais pensados para o futuro teñen que proporcionar outras formas para influír na percepción, rompendo os límites das posibilidades creativas coñecidas, para que a creación do cotián volva ser unha responsabilidade individual/colectiva directa. Para que exista unha realidade cultural xenuinamente creativa, duradeira e prolífica a longo prazo, debe producirse unha ósmose entre o propio tecido cultural do contorno e a introdución de elementos externos e/ou “descoñecidos”.

Santiago ten a base para facer confluír no proxecto da Cidade da Cultura ambas traxectorias e fusionar produción e programación internacional con produción local.

Dende esta posición de gran modernidade e ao mesmo tempo apegada ao territorio e ás reais inxerencias creativas de Galicia, téñense que desenvolver os obxectivos da CdC.

8 Propostas para a Reformulación da CdC

1.- A CdC debe orientarse cara a cultura da contemporaneidade, e non tanto cara ao enfoque histórico –tan vivo e presente na cidade “real” de Compostela- ou á repetición das estruturas propias do concepto tradicional de Cultura.

Neste sentido propónse que o proxecto sexa redenominado como Cidade da Cultura e Creatividade Contemporánea de Galicia CCCCCG, e que a súa orientación xeral se dirixa a enfrontar dende as diversas perspectivas dos seus servizos e actividades os grandes retos da sociedade actual (Migracións, Inter-multiculturalidade, Sustentabilidade, Solidariedade, Diversidade no cadro do igualitarismo, Control democrático das tecnoloxías, etc.), evitando dende a orixe do proxecto a banalización ou deriva cara ás formas de “Parque Temático” que sempre ameazan a estes grandes complexos.

2.- A CCCCCG debe ser un proxecto “Galego”, integrado urbanísticamente en Compostela e relacionado coas infraestructuras de comunicación

rexionais, que ten que sustentarse nunha alta capacidade de atracción exterior. Este é un requisito básico para a sostibilidade, mesmo financeira, do proxecto.

3.- A atracción exterior da CCCCG debe pivotar sobre o valor como ICONA dos edificios, e sobre un programa esencialmente cultural que combine produción, reflexión e espectáculo. A acción da CCCCG debe proxectarse no plano internacional, e un foco preferente debe ser Hispanoamérica e os espazos lusófonos (Portugal, África atlántica, Brasil), fronte a eixos como a Europa do Leste, focalizada en Berlín; o eixo norte-sur na Europa central, artellado a través de Londres-París-Milán e centrado na produción europea e norteamericana, ou os varios que se proxectan sobre o espazo Mediterráneo. Arredor dese programa cultural deben artellarse os usos complementarios para a viabilidade funcional e económica do proxecto.

4.- No plano interior, a CCCCG debe promover a cultura da contemporaneidade, prover de servizos culturais de que Galicia carece e servir de nodo para artellar o conxunto da acción cultural do país. Neste sentido, a CCCCG debe ser o elemento clave para definir unha política cultural de apoio á produción, e ligarse coas iniciativas culturais de base existentes no territorio galego.

Neste sentido, a CCCCG, que se asenta sobre un modelo territorial e cultural galego espallado/descentralizado, non debe suplantalo senón reforzalo exercendo o que se podería denominar unha "función catódica" na dinámica de avance cultural do país.

Ningún outro ente ou elemento nodular do urdido cultural galego pode desempeñar esa función, que non pode implicar dirixismo, centralización nin uniformización. Para iso, a CCCCG debe abastecer de novas iniciativas culturais (innovadoras e útiles en termos sociais, económicos e culturais), e respectar e potenciar as iniciativas culturais xa existentes non minguando, senón potenciando, a súa capacidade de programación e proxección.

5.- A CCCCG debe ser un novo tipo de Centro Cultural que se caracterice por servir de anclaxe de fluxos de acción cultural (non todo ten que pasar dentro, pode confluír alí pero desenvolverse en espazos diversos; debe integrar formación, intercambio, acción en rede); e por artellar as súas pezas internas de xeito que sexa realmente "unha cidade", é dicir, un sistema de elementos conectados funcional y programaticamente.

Esa unicidade pode intensificarse de adoptar fíos temáticos temporais para o conxunto da actividade da CCCCG. Un primeiro elenco de temas desa natureza concrétese nos seguintes: 1.- Relixión e Modernidade, 2.-

Distintos modelos de tolerancia, 3.- Memoria e Historia, 4.- Progreso e barbarie, 5.- Pensar en español, portugués e galego, 6.- Alianza de Civilizacións, 7.- Europa, unha identidade aporética, 8.- A biopolítica, 9.- A ciencia e a técnica nunha sociedade adulta, 10.- A desubstancialización da realidade.

6.- As pezas que se propón compoñan a CCCCCG son:

(1) Un laboratorio de ideas de anticipación cultural. A misión principal do Laboratorio de ideas consiste en mobilizar os mellores expertos españois e internacionais sobre calquera tema de prospectiva para poder achegar as informacións, os datos e as análises máis completos, máis innovadores e máis necesarios á hora de anticipar calquera toma de decisións, e calquera percepción xeral dun problema contemporáneo.

O Laboratorio de ideas deberá ter, pois, un destino docente, experimental e expositivo, capaz de prolongarse no tempo gozando de boa saúde e anticipándose ao que virá. O seu espazo específico de intervención concretaríase na confrontación de opinións e discursos –artísticos, creadores, reflexivos- á busca de novas formas e formulacións.

(2) Unha factoría cultural. Trátase dunha infraestrutura de boxes de traballo, talleres, areas técnicas, areas de encontro e debate, salas multiusos e zonas de exposición.

Estará dirixido a creadores autóctonos, nacionais e internacionais en todos os dominios da cultura. Será unha plataforma de encontro entre Europa e América Latina, e entre a cultura occidental e as outras culturas do planeta.

O seu programa estará orientado a xerar procesos de afianzamento dos valores da relación intercultural, da solidariedade e da sostenibilidade, así como facilitar o contacto entre os creadores e os promotores culturais (a modo de feiras de creación).

En definitiva a factoría cultural está pensada como un lugar de experiencia, de práctica e de diálogo cultural en permanente relación dialéctica coa realidade circundante, en que os participantes circulan con certa autonomía, onde se poden sentir tranquilos, non vixiados, onde poden experimentar que é un lugar “seu/común”, comunitario, participativo, público no senso máis primixenio da palabra, onde se senten con certa comodidade, que ademáis de ser un espazo da administración e, polo tanto, suxeito a unhas regras que asumen e respetan, é un lugar de experiencia en común, onde tanto a súa palabra, como o seu pensamento ocupan un lugar, e dispoñen na factoría cultural dun centro de acción e non soamente dun espazo de representación.

(3) Un gran escenario (A PARABÓLICA ON MUSIC), aberto a todo tipo de alternativas de produción. O edificio deberá ser un espazo polivalente que, grazas a un sistema de bancadas móbiles e telescópicas poida reconverter o espazo en varios de diferente dimensión e uso. É dicir, un espazo escénico libre de impedimentos e barreiras arquitectónicas, adaptable aos novos formatos escénicos das grandes compañías de Danza ou circo tipo *Batsheva*, *Pina Baus*, *National Theater*, *Cirque du Soleil*, etc., ou aos grandes proxectos contemporáneos de ópera; un espazo neutro pero con carácter, que poida dar cabida entre 5.000 e 10.000 persoas e que tecnicamente poida ser acoutado mediante paneis, a espazos susceptibles de presentar eventos de menor audiencia, tal como foi deseñado o centro de convencións de Barcelona, por Josep Lluís Mateo, o teatro *Chaillot* de París, os múltiples espazos de *Barbican Centrer* de Londres.

A súa programación estará estruturada en torno ás seguintes disciplinas artísticas:

- As novas tendencias escénicas,
- Danza
- Artes audiovisuais e *art media*
- Música.

(4) Un museo contemporáneo (MUSEO XXI DAS CIVILIZACIÓNS), espazo expositivo, ligado ás culturas do mundo e á posición de Galicia nese contexto, artellado arredor do fenómeno das MIGRACIONES. O Museo crearase dende un enfoque contemporáneo e o proxecto estará inequivocamente centrado en Galicia e orientado funcionalmente en dúas perspectivas dinámicas inversas, conxugadas e interdependentes, que se retroalimentan reciprocamente: cara a Galicia – defendendo o seu sistema e modelo culturais propios- e dende Galicia – conectado coas dinámicas da diversas civilizacións e culturas do planeta. Este enfoque ten a súa base ou o seu centro de gravidade en situar a Galicia como encrucillada de civilizacións.

Disporá dun ámbito de programación estable de exposición, investigación, divulgación e debate sobre a conformación de Galicia a través do tempo e os seus movementos poboacionais e migratorios, e outro ámbito de programas temporais que xirarán arredor do fenómeno das migracións o contacto intercultural.

A súa orientación fundamental será expresar a evolución da civilización humana e a conexión e posición de Galicia no contexto da globalización planetaria no século XXI.

En definitiva, o Museo XXI das civilizacións deberá avanzar no deseño de mecanismos capaces de resolver creativamente a contradición de concepcións do mundo e do desenvolvemento que poden existir entre as múltiples culturas das civilizacións e crear un discurso de alternativas que

propicien a súa convivencia pacífica baixo o principio do recoñecemento da diversidade.

(5) un gran centro de documentación e recursos.

Como se sinalou, de xeito complementario a estes elementos do programa cultural, deberían considerarse os espazos para usos complementarios e loxísticos.

7.- A CCCCCG, na medida en que desenvolva iniciativas de referencia para o espazo cultural hispanoamericano e luso-brasileiro, pode dar pé a unha institución de cooperación internacional e, mesmo, converterse ela mesma nunha peza dunha política específica de cooperación. De ser así, conviría explorar canto antes a posibilidade de darlle forma institucional a esa cooperación de xeito que xa na propia configuración da CCCCCG interveñan os axentes que a van protagonizar.

8.- A CCCCCG é un espazo que vai estar dispoñible de xeito completo nun horizonte de 4, 5 ou 6 anos, polo que a súa acción cultural, a posta en marcha dos programas de contidos, non debería adiarse. Sería posible comezar accións no plano da reflexión, a produción, o espectáculo, a exposición ou conformación museística e a cooperación que fosen poñendo a proba o conxunto de iniciativas que se van acubillar na CCCCCG e, mesmo, que poñan XA a CCCCCG no cadro da cultura internacional como “*work in progress*” non só como edificio, senón como proxecto cultural. A posta en marcha dos programas de contidos é, tamén, requisito indispensable para deseñar e avaliar un proxecto de xestión e financeiro da Cidade.

A acción cultural do nivel esixido pola CCCCCG require dun traballo de planificación e programación anticipada no que 4 ou 5 anos non son un tempo excesivo. Así, desenvolver axiña, e en paralelo ao proxecto construtivo, xa non o proceso de deseño, senón o de execución dos contidos culturais do complexo semella indispensable para asegurar o éxito da súa posta en funcionamento.

Do mesmo xeito, tal traballo é necesario para afrontar un modelo organizativo, institucional e financeiro que asegure a viabilidade da CCCCCG.

A estes efectos, operando por comparación con outros equipamentos de natureza cultural, é posible traballar con estimacións relativamente grosas de custes de funcionamento (da orde de 18 millóns de € anuais), empregabilidade de persoal (arredor de 250 persoas en cadro de persoal e case outras tantas en empresas contratadas), custes de programación (entre 20 e 30 millóns de € anuais)...

Non obstante, un plan concreto de xestión e financiamento (establecendo as fontes de carácter público que van nutrir de recursos a CCCCCG, captando os patrocinios ou aportacións privadas que se poden ligar á Cidade, estimando ingresos de explotación das actividades, fixando os servizos complementarios que poden establecerse e a forma en que deben ser xestionados, avaliando o impacto socio-económico do complexo, etc.) só se pode tracear cos detalles que deben proporcionar un modelo institucional e organizativo, un proxecto definitivo de usos que equilibre todos os elementos en xogo e, moi especialmente, un programa cultural que, coa súa ambición, defina o rango e o impacto do proxecto.